

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Decreto 20/2010, do 11 de febreiro, polo que se desiste da expropiación forzosa acordada polo Decreto 26/2009, do 12 de febreiro, polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o Complexo Hospitalario de Montecelo-Pontevedra.*

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa reunión do 12 de febreiro de 2009 a urxente ocupación dos bens e dereitos que se concretan no expediente instruído para os efectos da expropiación para a execución das obras previstas no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o complexo hospitalario de Montecelo en Pontevedra.

Non entanto, a previsións de necesidades que se realizou no seu momento non tiñan en conta as variables necesarias de incremento da poboación na área de Pontevedra e comarca, así como o aumento de procesos hospitalarios e de utilización do complexo hospitalario, polo que os bens e dereitos afectados non se axustan á demanda previsible.

Tendo en conta que non se procedeu á ocupación dos terreos afectados polo Decreto 26/2009 e que xa non concorren as causas de utilidade pública que se invocaban para o inicio do expediente expropiatorio, procede a desistencia da expropiación, carente de obxecto, deixando sen efecto aquela disposición.

Na súa virtude, de conformidade co establecido no artigo 34.4º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, por proposta da conselleira de Sanidade, co informe favorable da Consellería de Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de febreiro de dous mil dez,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Deixar sen efecto o Decreto 26/2009, do 12 de febreiro, polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o complexo hospitalario de Montecelo en Pontevedra.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de febreiro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

María del Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 19 de febreiro de 2010 pola que se modifica a Orde do 29 de xaneiro de 2009, pola que establecen as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2009.*

O Regulamento (CE) 479/2008 do Consello, do 29 de abril, que establece a organización común do mercado vitivinícola marca, entre outros obxectivos xerais, a mellora do equilibrio do mercado comunitario. O título II introduce unhas medidas de apoio financeiro ao sector entre as que figura o réxime de axudas á reestruturación e reconversión da viña. As disposicións de aplicación deste regulamento son as dispostas polo Regulamento 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño.

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, recolle a nivel nacional as disposicións comunitarias contidas nos regulamentos anteriores fixando as normas básicas para a implantación do réxime de reestruturación e reconversión no territorio do Estado.

Pola súa banda, a Orde do 29 de xaneiro de 2009 da Consellería do Medio Rural fixa as bases reguladoras das axudas os plans de reestruturación e reconversión da viña no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 10º.2 da dita orde determina que as solicitudes se presentarán, cada ano, entre o 1 e o 31 de marzo. A xestión da liña aconsella flexibilizar este prazo para adaptalo ás circunstancias contables de cada exercicio orzamentario.

Para dar cumprimento ao establecido pola Orde do 7 de xullo de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, no que respecta á verificación de datos, cómpre incluír a posibilidade de que, se o interesado dá o seu consentimento, sexa o órgano tramitador das axudas quen comprobe por vía telemática os datos de carácter persoal que figuren no documento de identidade.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Modificación da Orde do 29 de xaneiro de 2009.

Introdúcense as seguintes modificacións na Orde do 29 de xaneiro de 2009, pola que se establecen as

bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia:

### 1. Modificación do artigo 10º.2.

O artigo 10º.2 quedará redactado nos seguintes termos:

«2. Cada ano, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se o mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes».

### 2. Engádesse un parágrafo «7» ao artigo 16º:

«7. Malia o disposto no artigo 10º.3 desta orde e consonte o establecido no artigo 7 da Orde do 7 de xullo de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 134, do 10 de xullo), pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, os interesados poderán dar o seu consentimento expreso na solicitude, para que o órgano competente da Administración comprobe por medios electrónicos os seus datos persoais. No caso de non autorizar esta consulta, deberán achegar copia do DNI».

### 3. Engádesse un segundo parágrafo ao artigo 21º:

«2. Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, as boas condicións agrarias e ambientais e os requisitos legais de xestión que deberán cumprir os beneficiarios son os recollidos no Real decreto 486/2009, do 3 de abril (BOE nº 94, do 17 de abril), polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural, e os agricultores que reciban axudas ao abeiro dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima arrinca da viña.

O incumprimento desas obrigas suporá unha redución ou exclusión das axudas obxecto desta orde, das axudas directas da PAC e de determinadas axudas de desenvolvemento rural, segundo os resultados dos controis de condicionalidade, proporcionados polos organismos especializados de control definidos no Decreto 106/2007».

### *Disposición adicional*

Única.-As referencias feitas na Orde do 29 de xaneiro de 2009 ao Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, deberán entenderse referidas ao Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro.

### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

## CONSELLERÍA DO MAR

*Resolución do 11 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se fixan as datas para a realización dos exames ordinarios libres correspondentes a 2010, para a obtención das titulacións de lecer na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 8 de xaneiro de 2009 (DOG nº 11, do 16 de xaneiro), establece as condicións e regula os requisitos para a obtención dos títulos habilitadores para o manexo das embarcacións de lecer.

Sendo necesario establecer as datas e as condicións de inscrición para as convocatorias ordinarias libres, reguladas no número 2º do artigo 4 da referida orde e de conformidade co establecido na Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro (BOE nº 264, do 3 de novembro), esta dirección xeral

### *RESOLVE:*

Primeiro.-*Convocatoria de exames teóricos.*

Os exames teóricos ordinarios libres para o ano 2010, nas convocatorias de maio e setembro realizaranse nas seguintes datas:

1. Patrón para a navegación básica (PNB).

-Día 4 de maio ás 16.30 horas.

-Día 7 de setembro ás 16.30 horas.

Estes exames realizaranse nos tres centros oficiais de ensino pesqueiro: Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro de Vigo, Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol e Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.

2. Patrón de embarcación de lecer (PEL).

-Día 11 de maio ás 16.30 horas.

-Día 13 de setembro ás 16.30 horas.

Estes exames realizaranse nos tres centros oficiais de ensino pesqueiro: Instituto Politécnico Marítimo-